

## **PROTOCOLO COVID-19 / SUBIDA AO CASTRO 2022**

Protocolo segundo a normativa vixente da Xunta de Galicia e da Federación Galega de Atletismo a data 24 de xaneiro de 2022, FISICOVID-DXTGALEGO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19 NO ÁMBITO DO DEPORTE.

---

### **CONSIDERACIÓNS XERAIS**

Todos os atletas deberán permanecer en todo momento coa máscara posta salvo no momento da competición.

#### **Condicións de participación (maiores de 12 anos).**

Para a participación e a entrega do dorsal, será imprescindible amosar o certificado de vacinación COVID ou a aportación do certificado da realización dun test de antíxenos ou PCR negativo cunha antelación máxima de 72h á celebración da proba ou ben a aportación de certificado médico conforme se superou a infección por COVID-19 nun período comprendido entre os 11 e os 180 días anteriores a celebración da proba.

Calquera destas tres condicións deberá ser amosada á organización no momento da recollida do dorsal ou con antelación segundo a propia organización do evento así o estableza.

- + Realizaranse saídas de ata 300 atletas de xeito simultáneo divididos por categorías.
- + Só poderán quitar a máscara transcorridos os suficientes metros que garantan a distancia de seguridade de 1,5 metros. A saída é obrigatoria con máscara.
- + A máscara será gardada polo atleta que terá que portala durante a carreira. Poderá correr con ela se así o desexa.
- + Poderán ser realizadas tantas quendas como a organización estime cumprindo coas medidas de seguridade e control establecidas.
- + A cadencia mínima entre as diferentes quendas será de 3 minutos.
- + Unha vez finalizada a carreira, o atleta deberá colocarse a máscara.

#### **Condicións de participación atletas ata a categoría Sub-14 (menores de 12 anos).**

Non será preciso nin o certificado de vacinación, test de antíxenos ou certificado médico conforme se superou a infección por COVID-19. Deberán correr coa máscara toda a proba.